

ACTA N.º 9 DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN DE 3 PRAZAS DE ADMINISTRATIVOS C1, PERTENCENTES Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE RIANXO PARA O ANO 2025

Na Casa do Concello de Rianxo, sendo as 9:00 horas do día 2 de setembro de 2026, reúnese o Tribunal cualificador que avaliará o proceso selectivo.

Preside a sesión Eleuterio Pena Lamas, secretario do concello, e asisten como vogais:

Vogais:

Carlos Ces Ozores, Informático do Concello de Rianxo

Secretaria: Vanessa Reboredo Fraga, Técnico de Administración Xeral do Concello de Rianxo

Non asisten:

Paloma Caínzos Orduna, Tesoureira do Concello de Rianxo

Patricia Fernández Pérez, Interventora do Concello de Rianxo

Primeiro.-A secretaria do tribunal dá conta do informe de alegacións emitido en data 10 de agosto de 2026 por parte do departamento de Rexistro co seguinte teor literal:

"...ASUNTO: Convocatoria selección persoal - Convocatoria 3 prazas Administrativo.

EXPEDIENTE: 2025/E001/000025

Período de alegacións:

Data de inicio: 31 de xullo de 2026

Data de fin: 7 de agosto de 2026.

Neste rexistro consta as seguintes alegacións:

- O día 6 de agosto do 2026, co rexistro de entrada nº 202699900002475 presenta alegacións Javier Lijo Gómez ás *preguntas 1, 2, 3, 7, 8 e 10*.

- O día 6 de agosto de 2026, co rexistro de entrada nº 202699900002484, presenta alegacións Rocio Ignacio Rial, " *Respecto dos criterios de valoración do segundo exercicio, as bases reguladoras do proceso selectivo establecen no seu apartado 6, segundo exercicio*"

O que informo ós efectos oportunos, en Rianxo a 10 de agosto de 2026"

Segundo.- Visto o contido da alegación con número de rexistro 202699900002475, vólvese a revisar a puntuación outorgada a cada unha das preguntas do exame con código 329355, e que é a seguinte desagregada por preguntas:

Pregunta	Nota asignada
1	1,5
2	2,5
3	0,25
4	0,5
5	1,25
6	1

7	2,25
8	0,25
9	1,25
10	2,5

Terceiro.- Visto o contido da alegación con número de rexistro 202699900002484, vólvese a revisar a puntuación outorgada a cada unha das preguntas do exame con código 413589, e que é a seguinte desagregada por preguntas:

Pregunta	Nota asignada
1	0,75
2	2,25
3	0,5
4	0
5	1,5
6	1,5
7	1,75
8	0,25
9	0,5
10	2,25

Cuarto.- Os procedementos de selección de persoal ao servizo da Administración Pública réxense polas bases da convocatoria que regulan o proceso de selección.

As Bases que rexen o proceso selectivo establecen no seu punto 6º, que:

"...Neste exercicio valorarase a capacidade de análise, a claridade e a concreción do contido da resposta en relación á pregunta formulada.

Este exercicio será cualificado cun máximo de 30 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados.

Cada pregunta será valorada cun máximo de 3 puntos. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima de conformidade cos criterios xa citados.."

Cabe indicar asimesmo que os órganos selectivos, como recoñeceu o Tribunal Constitucional na súa Sentenza nº 34/1995, do 6 de febreiro, dispoñen dunha marxe de discrecionalidade técnica para a interpretación e aplicación do establecido nas bases e para adecuar o desenvolvemento da convocatoria ás circunstancias concretas, fundada nunha presunción de certeza e razónabilidade da súa actuación, dado o carácter técnico e a especialización e imparcialidade dos órganos establecidos para realizar as valoracións.

Quinto.- O Tribunal de selección, en aplicación do disposto nos bases, e para garantir a obxectividade e a igualdade de trato na corrección dos exames, estableceu o nivel de coñecementos esixidos para cada unha das preguntas; asignando a puntuación en función de se a resposta enumeraba todos os aspectos necesarios e se estes se concretaban ou desenrolaban axeitadamente,

A vista do anteriormente exposto, o tribunal **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada con número de rexistro de entrada 202699900002475, mantendo a nota de 13,25 puntos asignada ao exame con código 329355, ao considerar que a mesma se axusta aos criterios establecidos polo tribunal.

SEGUNDO.- Desestimar a alegación presentada con número de rexistro de entrada 202699900002484, mantendo a nota de 11,25 puntos asignada ao exame con código 413589, ao considerar que a mesma se axusta aos criterios establecidos polo tribunal.

Non habendo máis asuntos que tratar, cando son as 9:40 levántase a sesión.

Rianxo, na data de sinatura dixital,

O presidente, Eleuterio Pena Lamas

A secretaria, Vanessa Reboredo Fraga,